




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortigueira. Concello: Ortigueira. Parroquia: San Xoán de Espasante. Extensión: 0,23 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A unidade constitúe a fronte dunha península enlazada co resto do continente mediante istmo rochoso. Está composto por acantilados activos de potente parede seguidos por unha vertente de inclinación moderada que remata nos 63 metros s.n.m.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade componse de xistos, talcoxistos e cloritoxistos de idade silúrica e pertence ao dominio do Olló de Sapo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado con temperatura media anual que supera os 15°C e precipitacións medias acumuladas entre 800 mm e 1000 mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. O ambiente climático xeral pode definirse como Cálido e Seco.

OS SOLOS

Solos sobre materiais xistosos en xeral do tipo letposol e regosol en tramos acantilados e nas pendentes acusadas onde aflora a rocha subxacente, que evolucionan cara a umbrisoles dístricos en condicións topográficas máis favorables.

AS AUGAS

A costa acantilada do Castro de Espasante verte na masa Augas Costeiras 20115 e dadas as súas dimensións e morfoloxía carece de rede fluvial de importancia.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. O hábitat máis amplo é o 1230 de acantilados con vexetación das costas atlánticas. O abandono de campos de cultivo posibilitou, na estreita ladeira costeira, o desenvolvemento do hábitat brexeiras secas costeiras atlánticas de *Erica vagans* (4040).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Practicamente todo o soporte da unidade está libre de edificacións predominando a cobertura vexetal. O conxunto da unidade conserva as trazas dun parcelario agrícola que, actualmente, presenta unha explotación moi escasa sendo maioritarias as parcelas en estado de abandono, a pesar de que aínda se manteñen os lindes das devanditas unidades, algunhas delas compostas por sebes vivas. No bordo perimetral da unidade apréciase o desenvolvemento de vexetación subserial de brexeiras secas en combinación con vexetación propia ambientes preacantilados.

MORFOLOXÍA

Non existen conxuntos de edificacións no interior da unidade, e as edificacións existentes, no extremo sudoriental, son residuais procedentes da periferia do núcleo de Espasante que se sitúa inmediatamente ao sur. A única excepción ao comentado é a Casa da Vela, edificación catalogada de antigo carácter militar e función defensiva.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existe unicamente unha vía asfaltada que se axusta ao perímetro máis exterior da unidade dende o seu flanco oriental, e que facilita o acceso á Casa da Vela. Desta edificación, parte un sendeiro que permite alcanzar, polo bordo da unidade, o depósito do Castro dos Prados, ao seu sudoeste.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Cabe destacar, como único elemento de interese arqueolóxico, o Castro de Punta dos Prados na punta homónima no extremo SO da unidade, próximo ao porto de Espasante. Os datos achegados pola investigación arqueolóxica permiten definir este como un castro romanizado, cuxas orixes se remontarían á segunda Idade do Ferro, período no que se construíría o sistema defensivo do asentamento. Xunto a el, atópase a construción do tipo "pedras formosas", que son monumentos realizados en pedra onde se gardaba a mensaxe de estelas simbólicas de cultos antigos: á terra, ás fontes, á lúa, etc. Por outra banda, hai que citar o BIC da Casa da Vela, antigo posto de vixilancia militar (garita) no alto de Espasante. Trátase dun edificio exento de planta rectangular cuberta a dúas augas de estilo neoclásico (s. XVIII). A casa áchase nunha localización estratéxica, dende onde se divisan a Ría de Ortigueira e os núcleos de Cariño e Porto de Espasante (núcleo de identidade litoral).

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade caracterízase principalmente pola singularidade da súa localización peninsular, entre as enseadas de Santo Antonio, ao leste, e de Espasante ao sudoeste. Ademais, a práctica inexistencia de edificacións residenciais é un trazo que realza as formacións naturais que a conforman, tanto na fronte litoral -paredes acantiladas de forte inclinación- como na parte interna, na que destaca o alto de Espasante coa cuberta vexetal de pradería e parcelario agrícola abandonado que acolle. O territorio da unidade organizase ao redor do alto de Espasante en cuxas proximidades se localizan os dous elementos patrimoniais de especial interese descritos.

DINÁMICA DA PAISAXE

Esta paisaxe conserva unha fisionomía tradicional, de escasa presión antrópica, froito dunha utilización agrogandeira de baixa intensidade ao longo do tempo. Na actualidade, a única infraestrutura salientable é o asfaltado da antiga pista que bordea o cabo.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Os valores que presenta esta unidade están relacionados con localización avanzada lixeiramente sobre a liña de costa na que se inscribe, a súa calidade ambiental e a súa baixa presión antrópica que só permitiu o desenvolvemento da actividade agrícola na vertente sudoccidental do istmo, menos exposta ás inclemencias dos temporais. Ademais, cabe destacar a importancia xeomorfolóxica desta unidade pola presenza de acantilados de forte inclinación. A situación e características xeográficas desta unidade permite obter unha ampla panorámica que abrangue a Ría de Ortigueira, o núcleo de Cariño e o do Porto de Espasante. Tales son estas calidades visuais, que sobre a unidade se asenta un típico castro de localización costeira e un pequeno posto militar de vixilancia, a Casa da Vela, que ten a súa orixe nas frecuentes incursións e accións de saqueo por parte dos ingleses e holandeses nos séculos XVI e XVII que levaron a un párroco de San Xoán de Espasante a solicitar, en 1703, a dotación de medios de defensa, que uns anos despois se concretaron na instalación dunha garita de vixilancia dotada cun pequeno corpo militar.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -20 m
-  -100 m
-  -500 m
-  -2000 m
-  -10 m
-  -50 m
-  -200 m
-  -1000 m
-  -3000 m

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



